



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 2 DE XULLO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día dous de xullo de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel J. Crespo González
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez González

Asiste tamén a concelleira Elena Baz Rodríguez.

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Asiste tamén a Interventora Xeral do Concello D^a. Ana Llorca Maneiro.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- INFORMES DO ASESOR XURÍDICO

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 25 de xuño de 2015 no que informa da sentenza ditada pola Sala do Social do TSXG no recurso de suplicación promovido por Dna. Zahara María Lopez Troncoso sobre o dereito á praza da Escola Infantil Municipal.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 3 de xuño de 2015, comunicando a sentenza ditada o 28 de maio de 2015 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 202/14 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra resolución presunta da denuncia urbanística presentada o 31 de marzo de 2014 pola que solicita se declare a caducidade da licenza de obras nº 236/02 outorgada o 7 de outubro de 2002 á Ramón González González para construción de garaxe na 3^a Transversal Cruz.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado á Oficina Técnica para a súa incorporación ó expediente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 2.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 22 de xuño de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. M^a.P.F.U.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por 8 horas mensuais.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 18 de maio de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. F.H.R..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 3.- CUOTAS PRAZAS DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MAIO DE 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

PUNTO 4.- INSTANCIAS

Dase conta do escrito con RE n^o 4.228 de data 30 de xuño de 2015, remitido por S.A. DE XESTION DO PLAN DO XACOBEO informado das xestións que se están a realizar para a limpeza do camiño ó seu paso por este municipio.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 3.043 de data 13 de maio de 2015 presentado por Dna. M^a Jesús Vicente Guerra, actuando en representación de Robero Orlando Ameal Videira, con domicilio en rúa Rosentes, n^o 18 da Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga municipal do 2^o trimestre de 2015 do obxecto tributario Rosentes, n^o 18 por consumo excesivo debido a unha fuga moi difícil de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal de data 12 de maio de 2015, acorda anular o recibo do 2^o trimestre de 2015 e que se emita un novo pola media ponderada.

Lese o escrito RE 2.964 de data 8 de maio de 2015, presentado por DNA. ARACELI DEL POZO GALIÑANES, en representación de A.C. SOPADESOBRE, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Paseo de Portugal, n^o 65 da Guarda, solicitando autorización e escenario, colectores, vallas, toma de corrente e un pequeno espazo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

para almacen con motivo do III Mercado da Música que se vai levar a cabo nos xardíns do Centro Cultural o día 11 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE nº 4.201 de data 29 de xuño de 2015, presentado por D. JOSÉ ELIAS REBOLLAR VEGA, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DA GUÍA, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Concepción Arenal, nº 56 da Guarda, solicitando:

- Palco, presenza de Policía Local e desprazamento de farola para o día 30 de agosto con motivo da verbena e das carreiras pedestres.
- Palco, vallas e cinta da Policía Local para os días 4, 5 e 6 de setembro con motivo das verbenas e da procesión.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.559 de data 2 de xuño de 2015, presentado por M^a DEL CARMEN GONZALEZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Fernandez Albor, nº 12-2º de A Guarda, solicitando autorización para usar a cociña do albergue dos peregrinos para realizar un curso entre os días 6 de outubro e 9 de decembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado aínda que debe poñerse en contacto cos servizos municipais para a súa coordinación.

Lese o escrito RE 3.678 de data 5 de xuño de 2015, presentado por D. DAMIAN ALONSO ALONSO, actuando en representación da ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, solicitando:

- Que se poña a disposición da Asociación ó camión do concello para o transporte de cadeiras, mesas e cociña.
- Instalación de materiais na Alameda o día 10 de xullo e recollida do mesmo o día 13 de xullo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.913 de data 31 de marzo de 2015, presentado por ADICCAG – ASOCIACIÓN CULTURA CERVECERA, con enderezo na Carretera Verín a Arcucelos, nº 48 de Monterrei (Ourense), solicitando autorización para celebrar unha feira de artesanía na Alameda os días 12 e 13 de setembro de 2015. Instalarase unha carpa e postos individuais.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 3.705 de data 8 de xuño de 2015, presentado por CLUBE GIMNASIO DO-MAJO, solicitando as instalacións do Estadio de Fútbol Municipal o



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

día 1 de agosto para a realización de "Las noches guardesas del deporte". Asimesmo solicitan colaboración para a instalación de andamios, megafonía e vallas protectoras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á autorización para o uso do Estadio pero non á colocación de andamios nin a megafonía.

Lese o escrito RE 4.207 de data 30 de xuño de 2015, presentado por D. OSCAR RODRIGUEZ FERNANDEZ, en representación de BAR KANELLAS, con enderezo na rúa Pacífico Rodríguez, nº 7-baixo da Guarda, solicitando autorización para a instalación dunha terraza para o seu local.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda acceder ó solicitado se ben no mes de setembro no poderá proceder a súa instalación polas mañás, debido ó inicio do curso escolar. Recórdase que debe pasar pola oficina de Xestión Tributaria para a súa liquidación.

PUNTO 5.- APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE LECER OU TEMPO LIBRE DO CONCELLO DA GUARDA

O sr. Alcalde da conta da seguinte proposta

Visto o expediente de fixación do prezo público polo Campamento de verán, esta alcaldía propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Fixar o prezo público polas actividades deportivas, de lecer, ou tempo libre organizadas polo Concello en 63 euros.

Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 30 días hábiles que empezarán a contar a partir do seguinte á publicación no BOP, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar dita proposta.

Sendo as 14:00 horas o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.